

IV PLAN INTEGRAL DE IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES DE
VIGO
2009-2012



concellería
de **igualdade**
concello de vigo



1. INTRODUCCIÓN

2. ANÁLISE DA POBOACIÓN

3. METODOLOXÍA

4. IV PLAN INTEGRAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES DE VIGO.

4.1. PRINCIPIOS ORIENTADORES

4.2. EIXES ESTRATÉXICOS

4.3. ÁREAS DE ACTUACIÓN

1. Educación en Igualdade
2. Conciliación e Corresponsabilidade
3. Participación Económica
4. Violencia de Xénero
5. Atención á Diversidade.

4.4 CRONOGRAMA

5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

6. ORZAMENTO



1. INTRODUCCIÓN



As políticas públicas de igualdade de xénero son un conxunto ordenado de medidas e instrumentos de intervención política postas en marcha co obxectivo de incidir e corrixir os desequilibrios orixinados pola sociedade patriarcal, coa intencionalidade de acadar unha igualdade de oportunidades real e efectiva entre mulleres e homes.

O feminismo, como teoría e práctica emancipatoria e crítica, diversa, plural e sobre todo, en permanente debate, crecemento e transformación, aporta á sociedade un marco de interpretación para analizar e ver o mundo, cuestionando a organización social, reinterpretando a realidade e elaborando termos para nomear os novos fenómenos que ven analizando: violencia de xénero, acoso sexual, dobre xornada...etc. Neste sentido o feminismo, ao longo dos últimos séculos da súa historia, é o marco de interpretación da realidade que visibiliza o xénero como unha estrutura de poder, poñendo de manifesto todos os mecanismos e estruturas que reproducen a discriminación e a exclusión das mulleres nos diferentes ámbitos sociais, que estuda e explica as súas causas e elabora accións políticas dirixidas a desmontar os múltiples mecanismos de discriminación.

O compromiso das organizacións feministas e asociacións de mulleres que traballan pola consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes veñen realizando unha gran contribución ao desenvolvemento das políticas de xénero. Os avances acadados polas mulleres ao longo destes anos foron conquistados pola propias mulleres, e é de xustiza social recoñecer as pioneiras que racharon moldes coa súa propia vida, abrindo camiños dos que gozamos todas as mulleres na actualidade.

O movemento asociativo vigués, é un referente histórico na Comunidade Autónoma Galega na loita pola defensa da igualdade de xénero, así como no desenvolvemento local, tendo un protagonismo fundamental e un compromiso e participación activa nas políticas de xénero que se desenvolven desde a Concellaría de Igualdade. Compre tamén destacar a súa participación e implicación na elaboración e desenvolvemento do III Plan de Igualdade de Oportunidades así como na elaboración do presente Plan.



Neste mesmo sentido, a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo ven desenvolvendo desde a súa creación, un importante labor na posta en marcha de políticas de igualdade tendentes a eliminar as situacións de desigualdade e discriminación que sofren as mulleres, e presenta este *IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo* como un instrumento de acción política para fortalecer o proceso de transformación social das relacións de xénero na cidade de Vigo, coa finalidade de promover as condicións que permitan facer real e efectiva a igualdade de oportunidades de mulleres e homes.

Incidindo nesta mesma liña de traballo o Concello de Vigo elabora por primeira vez un Plan de Igualdade na Administración Local coa finalidade de conseguir que mulleres e homes teñan as mesmas condicións e oportunidades, eliminando calquera discriminación e promovendo un entorno favorable para o desenvolvemento persoal de todas as persoas que traballan na Administración Local, e propiciando un marco que facilite o empoderamento das mulleres e o seu acceso a postos de responsabilidade que permita rachar co "teito de cristal".

Para concluír, este IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes presentase como unha ferramenta institucional dirixida a abordar a intervención en materia de igualdade de oportunidades de mulleres e homes no Concello de Vigo durante o período 2009-2012. Recolle as directrices que deben orientar a actividade da Administración Local en materia de igualdade neste período e xorde como resultado da evolución e dos avances experimentados durante os anos de vixencia dos tres anteriores plans, da avaliación do terceiro Plan e da participación dos diversos departamentos municipais, do movemento asociativo de mulleres e feminista e das e dos distintos axentes sociais, sendo o seu obxectivo fundamental contribuír á consecución da igualdade real e efectiva de mulleres e homes.



2. ANÁLISE DA POBOACIÓN



Unha das premisas fundamentais para a elaboración do Plan de Igualdade é indagar sobre os factores diferenciais entre mulleres e homes que compoñen o territorio. Seguindo esta premisa, a continuación se realiza unha breve análise da poboación viguesa. Os datos que a continuación se expoñen, extraídos do IGE¹, permitirán un coñecemento da realidade sociodemográfica das mulleres e homes do municipio.

O Concello de Vigo está situado na provincia de Pontevedra, na Comunidade Autónoma Galega. Está enclavado na metade da ría, á que dá o seu nome. Ten un gran núcleo urbano, no que prima a división administrativa baseada nos barrios. Ao mesmo tempo tamén posúe unha importante zona rural, cunha división tradicional en parroquias. As parroquias son as seguintes: Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Saiáns, Sárdoma, Teis, Valadares e Zamáns.

O Concello de Vigo ten unha superficie de 109,2 Km², e ten unha poboación de 295.703 persoas, das que o 52% son mulleres e o 48% homes. Segundo os datos do Padrón Municipal do ano 2008 a distribución da poboación é a seguinte:

Táboa 1. Distribución da poboación segundo sexo.

	Mulleres		Homes		Total	
De 0 a 15 anos	19.360	48%	20.855	52%	40.215	100%
De 16 a 64 anos	105.508	51%	99.989	49%	205.497	100%
De 65 e máis anos	29.965	60%	20.026	40%	49.991	100%
TOTAL	154.833	52%	140.870	48%	295.703	100%

Se analizamos a táboa anterior sobre a **composición da poboación** viguesa segundo sexo e grupos de idade podemos observar que as mulleres constitúen o 52% da poboación fronte ao 48% de homes. Cabe destacar como o 60% da poboación feminina se corresponde co grupo de 65 e máis anos. No caso da poboación masculina a maior porcentaxe (52%) a representa o grupo de 0 a 15 anos.

A poboación estranxeira da cidade de Vigo é de 15.940 habitantes, representando as mulleres o 50,4% e os homes o 49,6%. Porcentaxe moi similar á da Comunidade Autónoma, 51 % para as mulleres e 49% para os homes.

¹ Instituto Galego de Estatística.



Os **indicadores demográficos** do IGE no ano 2007 indican que, a idade media da poboación está en 43,3 anos para as mulleres e 40 para os homes, dato que é inferior ao da poboación galega que é de 45,8 anos para as mulleres e 3,2 anos máis para os homes. A taxa bruta de natalidade é de 8,9, taxa maior que a da Comunidade Autónoma (8). En canto á taxa de mortalidade (8,3) é inferior á da Comunidade Autónoma (10,7). O índice de envellecemento (96,5) é moi inferior ao de Galicia (135,1 anos). Respecto á idade media de maternidade das mulleres viguesas é de 31,9, sendo para as mulleres galegas de 31,5. O número medio de fillas e fillos é de 1,07 para as mulleres viguesas e de 1 para o conxunto da Comunidade Autónoma.

Táboa 2. Nivel de estudos segundo sexo. (IGE 2001)

	Mulleres	%	Homes	%	TOTAL
Non sabe ler, escribir	1.858	78,5%	506	21,5%	2.364
- 5 anos escolarización	13.106	65%	6.951	35%	20.057
Sen completar Bachar. elemental, ESO ou EXB	31.315	56%	24.550	44%	55.865
Bacharelato elemental, ESO OU EXB completo	31.523	49%	32.801	51%	64.324
Bacharelato superior, BUP/LOXSE, COU/PREU	17.625	50%	17.753	50%	35.377
FPI, FP grao medio, oficiaría industrial	6.050	50%	6.138	50%	12.188
FPII, FP grao superior, Mestría industrial	6.013	46%	7.165	54	13.178
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería técnica	10.333	60%	6.943	40%	17.276
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería superior	8.941	51%	8.726	49%	17.667

Se atendemos ao **nivel de estudos** da poboación viguesa maior de 16 anos segundo sexo e nivel de estudos (2001) podemos comprobar: que o número de mulleres analfabetas e que non remataron os estudos primarios (78,5%) é moitísimo máis elevado que o dos homes (21,5%). A porcentaxe de mulleres con menos de cinco anos de escolarización case duplica á de homes. Pola contra o número de mulleres con estudos universitarios é maior que o de homes. Se puideramos cruzar estes datos coa variable idade, seguramente nos demostraría que os datos de persoas sen estudos se corresponde con mulleres e homes maiores, ao mesmo tempo que as persoas con estudos universitarios se corresponde con mulleres e homes xoves.



Táboa 3. alumnado matriculado en centros de réxime xeral en funcionamento segundo sexo e nivel de ensinanza (IGE 2008-2009)

	Mulleres	Homes	TOTAL
Educación Infantil	3.852	3.986	7.838
Educación Primaria	7.509	8.097	15.605
ESO	5.246	5.588	10.834
Bacharelato ordinario	2.239	1.799	4.038
Ciclos formativos grao medio	937	1.222	2.195
Ciclos formativos grao superior	1.279	1.468	2.747
Programa cualificación profesional inicial	101	174	275
Bacharelato adultos	371	322	693
Ciclos formativos grao medio adultos	135	229	364
TOTAL	22.376	23.765	46.141

Da análise da táboa 3 despréndese que o número máis elevado de alumnado preséntase en educación primaria e ESO. Os homes superan ás mulleres no número de alumnado en todos os niveis, agás Bacharelato de persoas adultas, onde as mulleres constitúen un número lixeiramente máis alto.

Respecto aos centros educativos de réxime xeral en funcionamento segundo ensinanza que imparte durante o curso 2008-2009, existe un total de 140 centros² públicos de educación infantil, primaria, ESO, educación Postobrigatoria, adultos e adultas e educación especial. Existen tamén centros públicos nos que se imparten ensinanzas artísticas: Escola Superior de Arte Dramática, Conservatorio Superior de Música, Conservatorio Profesional de Música, Escola de Música Municipal, Escola Municipal de Teatro, Escola Municipal de Danza e a Escola Municipal de Artes e Oficios. En canto á ensinanza de idiomas existe tamén unha Escola Oficial de Idiomas.

A **nivel laboral**, segundo datos recollidos no Censo 2001, a **taxa de actividade** é de 55,3 o que representa unha maior taxa que a da Comunidade Galega (49,2). Se analizamos o dato desgregado por sexo nos atopamos que ás mulleres correspóndelle unha taxa de actividade do 45,5 e aos homes vinte puntos máis (66,4).

² IGE. Datos procedentes da Secretaría Xeral da Consellería de Educación (2008-2009)



Táboa 4. Paro rexistrado (Consellería de Traballo 2008).

	Mulleres	%	Homes	%	TOTAL
Menores 25 anos	769	42,7	1.028	57,3	1.797
Outras idades	11.338	62	6.930	37,9	18.268

Respecto dos datos do **paro rexistrado**, que se reflicten na táboa 4, son recollidos do IGE no período 2008³, e deles despréndese que as mulleres menores de 25 anos sofren menos paro que as maiores desta idade, non obstante, no caso dos homes maiores de 25 anos ocorre todo o contrario, teñen unha porcentaxe máis alta de paro. Como podemos observar a variable idade actúa á inversa para mulleres e homes.

Táboa 5. Poboación ocupada por sexo e rama de actividade (IGE,2001)

	Mulleres	%	Homes	%	TOTAL
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	263	40%	400	60%	663
Pesca	394	23,5%	1.279	76,5%	1.673
Industria	5.797	21%	21.178	79%	26.975
Construcción	892	12%	6.651	88%	7.543
Servizos	39.641	52%	36.535	48%	76.176
Total	46.987	41,5%	66.043	58,5%	113.030

A **taxa de ocupación** é de 47,2, moito maior no caso da poboación masculina (58,8) que na feminina (36,9).

Analizando a táboa anterior, podemos comprobar como a construción é a que presenta maior porcentaxe de ocupación masculina (88%), seguido moi de cerca pola industria (79%) e a pesca (76,5%). Non obstante, as mulleres son maioría unicamente no sector servizos (52%), sendo este sector o que presenta valores máis semellantes en canto á ocupación de mulleres e homes, seguido da agricultura, gandería, caza e silvicultura (40%). Pola contra, a industria, a construción e a pesca reflicten unha baixa presenza de mulleres.

³ O total non pode coincidir coa suma de mulleres e homes xa que os datos son as medias de varios meses.



3. METODOLOXÍA



A metodoloxía de elaboración do IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes de Vigo, foi deseñada coa finalidade de fomentar a participación de distintos espazos sociais e institucionais. A información procedente de ditos ámbitos debía integrarse ao obxecto de realizar un plan que cumprira coa característica de adaptarse ás distintas leis existentes: á Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, á Lei 2/2007 do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, á Lei 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei 1172007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da Violencia de Xénero.

Para abordar a elaboración do IV Plan seguíronse cinco fases que a continuación se expoñen:

Na primeira fase realízase unha reunión co persoal técnico e político da Concellería de Igualdade coa finalidade de definir e establecer a metodoloxía a seguir para a elaboración do Plan co obxectivo de conseguir un Plan de Igualdade desde a implicación da cidadanía e do persoal técnico e político do municipio. Participación que resulta imprescindible xa que posibilita un proceso no que o coñecemento do territorio e a integración das súas achegas, permiten a construción dun documento elaborado desde e para a realidade do municipio incorporando os intereses, necesidades e inxerencias da cidadanía.

Na segunda fase realízase unha revisión e análise de documentación relevante: A lexislación existente sobre igualdade de oportunidades tanto estatal como autonómica e as súas implicacións de cara a elaboración do novo Plan; Materiais elaborados e relacionados coas políticas de igualdade; Outros Plans de Igualdade Municipais; Os anteriores Plans de Igualdade do Concello de Vigo e o Informe de avaliación do III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes de Vigo (2005-2007).

Na terceira fase púxose en marcha un proceso participativo mediante reunións de traballo coas e cos distintos axentes implicados que desenvolven o seu labor profesional ou que teñen vinculación coas distintas áreas de actuación. Para a convocatoria das reunións envíase unha carta a todas e todos os axentes relacionados con cada unha das áreas de intervención, na que se relata o motivo da convocatoria e



se lles solicita a súa participación para contribuír á elaboración do Plan coa finalidade de recoller as necesidades, demandas, as achegas para incluír no Plan. Ao mesmo tempo elabórase un protocolo de recollida de información no que se plasman todas as achegas formuladas.

O resultado deste proceso foi a celebración de vinte e seis reunións de traballo nas que participaron: Asociacións de mulleres, Vogalías da Muller, Organizacións Sindicais, Centros de Ensino, FOANPAS, Bancos do Tempo, Centro de Información á Muller, Centro de Emerxencias, Departamento de Benestar Social, Plan de Inclusión, Oficina de Inmigración, Departamento de Emprego, Departamento de Educación, Casa da Xuventude, Equipo de Vixilancia e Apoio Social (EVAP) e Unidade de Prevención, Asistencia e Protección (UPAP).

Na cuarta fase realizouse a organización e sistematización da información recollida e deseñase a estrutura do Plan arredor de catro elementos: eixes, áreas, obxectivos e accións.

En primeiro lugar, os eixos establecen as estratexias prioritarias que se van traballar en materia de políticas de igualdade no período de vixencia do Plan. Os eixos definidos son tres: Concienciación e Formación en Igualdade de Oportunidades; Empoderamento, Visibilización e Participación Social; e Saúde Integral.

En segundo lugar, as áreas, son os ámbitos de actuación desde os que se vai traballar para acadar a igualdade. As áreas establecidas son cinco: Educación en Igualdade; Conciliación e Corresponsabilidade; Participación Económica, Violencia de Xénero e Atención á Diversidade. En terceiro lugar defínense os obxectivos, as accións, os indicadores, os organismos implicados, a temporalización prevista e o sistema de seguimento e avaliación.

Para finalizar, a **quinta fase** consistiu na redacción definitiva do IV Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes de Vigo (2009-2011), documento que é produto dun proceso participativo amplamente consensuado a nivel social e institucional.



4. IV PLAN INTEGRAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES



4.1. PRINCIPIOS ORIENTADORES

Para a elaboración deste IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes pártese do establecemento de **tres principios orientadores**:

Igualdade e Oportunidades e de trato, entendida como a ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón de sexo, e especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigas familiares e o estado civil.

As Accións positivas, concibidas como medidas específicas de intervención que teñen como finalidade actuar sobre as barreiras sociais que dificultan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. A Lei Orgánica 3/2007 de igualdade recolle que co fin de facer efectivo o dereito constitucional de igualdade, os Poderes Públicos adoptarán diversas medidas específicas a favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes. Ditas medidas serán razoables e proporcionadas en relación co obxectivo perseguido en cada caso. O obxectivo das accións positivas é equilibrar e compensar as diferenzas sociais que produce a discriminación social que poidan sufrir as mulleres respecto dos homes. En definitiva, a súa finalidade é poñer en marcha programas concretos para proporcionar ás mulleres vantaxes concretas que contrarresten as desvantaxes consolidadas historicamente.

O Mainstreamig de xénero, entendido como “a reorganización, a mellora, o desenvolvemento e a avaliación dos procesos políticos, de modo que a perspectiva de igualdade de xénero se incorpore en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas, polos actores involucrados na adopción de medidas políticas” (Consello de Europa).

A estratexia do mainstreaming de xénero non ten un carácter temporal senón que o seu obxectivo é situarse de forma permanente na práctica da intervención pública e a súa finalidade, ademais de corrixir os efectos da desigualdade e discriminación por razón de sexo, é mellorar o funcionamento e eficacia das políticas públicas e das organizacións. É polo tanto, unha práctica de intervención dirixida a promover cambios de criterios, de procesos e de resultados na xestión pública.

Este Plan basease tamén nos principios básicos que establece a Lei Orgánica 3/2007, para igualdade efectiva de mulleres e homes como son: Participación e representación equilibrada de mulleres e homes; a adopción das medidas necesarias para a erradicación da violencia de xénero, violencia familiar e todas as formas de acoso



sexual e acoso por razón de sexo; Colaboración e cooperación entre as distintas Administracións Públicas na aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades; Respecto á diversidade e a diferenza, porque a diversidade implica ter en conta as diferenzas, contemplando as desigualdades existentes pero tamén as similitudes.

Os obxectivos e accións contempladas neste Plan enmárcanse na lexislación e recomendacións existentes. A continuación detallamos algunhas das máis importantes e recentes para o deseño das actuacións públicas.

Ámbito Internacional

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 1948.
- Convención sobre os dereitos políticos das mulleres. 1952
- Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller. 1967
- Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller de 1979 (CEDAW).1979
- Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller. 1993
- IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing.1995
- Resolución 1997/44 da Comisión dos Dereitos Humanos.1997
- Declaración do Milenio. 2000
- Documento final do Cumio Mundial. 2005

Ámbito da Unión Europea

- Tratado de Amsterdam. 1997
- Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia. 2002
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo. 2002
- Regulamento 806/2004/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao fomento da igualdade entre as mulleres e os homes na Cooperación o Desenvolvemento. 2004
- Directiva do Consello 2004/113/CE do 13 de decembro, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso de bens e servizos e o seu subministro
- Directiva 2006-54-CE sobre igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres. 2006
- Plan de traballo para a igualdade entre as mulleres e os homes. 2006-2010
- Carta Europea para a igualdade de mulleres e homes na vida Local



Ámbito do Estado Español

- Constitución Española. 1978
- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica. 2003
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno. 2003
- Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que modifica os artigos 33 e 57. 2003
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. 2004
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. 2007.
- Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades (2008-2011)

Ámbito Galego

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. 2004
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza. 2007
- Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. 2007.
- V Plan do Goberno Galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010).

Ámbito Local:

- Lei Reguladora de Bases do Réxime Local (1985)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia
- 3º Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Vigo (2005-2007)
- Informe de avaliación do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Vigo (2005-2007).



4.2. EIXES ESTRATÉXICOS

O IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes contempla tres eixes estratéxicos van a orientar o seu desenvolvemento:

EIXE 1: CONCIENCIACIÓN E FORMACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

Este eixe integra os obxectivos relacionados co coñecemento e detección dos estereotipos de xénero e a necesidade de xerar novos valores que permitan a transformación dos roles tradicionais de mulleres e homes. Pretendese acadar a concienciación social e a formación das e dos distintos axentes sociais coa finalidade de combater e eliminar a idea estereotipada do ideal masculino e feminino e dar lugar a unha nova concepción que permita unhas relacións de xénero baseadas na equidade.

EIXE 2: EMPODERAMENTO, VISIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL

Acadar unha participación en igualdade de condicións para mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade é unha das prioridades deste eixe. Unha das premisas fundamentais para a participación é o empoderamento das mulleres.

O empoderamento foi concibido pola IV Conferencia Mundial das Mulleres celebrada en Beijing, como unha das estratexias centrais para a consecución da igualdade de xénero e leva consigo tres niveis de transformación: en primeiro lugar a individual, que posibilita cambios orientados á consecución dun maior autorespecto e autoconfianza, así como poder de negociación dos propios intereses, en segundo lugar, a colectiva, que produce cambios encamiñados á promoción de vínculos, apoios e recoñecemento mutuo para a defensa dos intereses comúns, e por último, a transformación social que proporciona cambios dirixidos a visibilizar e valorar ás mulleres na sociedade e a eliminar as discriminacións de xénero existentes.

EIXE 3: SAÚDE INTEGRAL

Incorporar a perspectiva de xénero na saúde implica recoñecer as necesidades e perspectivas de mulleres e homes na prevención de enfermidades, na utilización dos recursos sanitarios, nas prácticas de autocoidado e nas diferentes condutas de risco. A saúde integral é un dos indicadores fundamentais da calidade de vida e contempla elementos biolóxicos, psicolóxicos, sociais e culturais. Isto implica que existen diferenzas importantes no estado de saúde de mulleres e homes que son produto da construción social. Os obxectivos deste eixe están dirixidos a contribuír á mellora da calidade de vida e da saúde das mulleres durante o seu ciclo vital, incidindo nos riscos vinculados aos roles de xénero.



4.3. ÁREAS DE ACTUACIÓN

Os mencionados eixes de actuación atravesan as cinco áreas de intervención e as 104 accións deseñadas no Plan.

A área de **EDUCACIÓN EN IGUALDADE** ten como obxectivos promover a reflexión da sociedade sobre a necesidade de fomentar unha educación en igualdade de mulleres e homes. Esta área contempla medidas de concienciación e formación da Comunidade Educativa e das e dos diversos profesionais e colectivos. As accións contempladas nesta área son 40, e están dirixidas á formación en igualdade de mulleres e homes coa finalidade de transformar a realidade que produce a construción social androcéntrica, compensar as desigualdades provocadas por dita construción e posibilitar o desenvolvemento integral das capacidades de mulleres e homes sen restricións de xénero.

A área de **CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE** aborda diversas medidas, unhas, dirixidas á fomentar nos homes a asunción de responsabilidades domésticas e familiares, outras, a facer cumprir ao empresariado a normativa existente en materia de conciliación establecida na lei 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e a lei 2/2007 do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, así como a potenciar a creación, ampliación e mellora de servizos e recursos que permitan a conciliación da vida familiar, laboral e persoal de mulleres e homes. Para acometer os obxectivos marcados nesta área foron deseñadas 18 accións.

A finalidade da área de **PARTICIPACIÓN ECONÓMICA** é facer cumprir o principio de igualdade de oportunidades e de trato de mulleres e homes no eido laboral establecido na lei 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e a lei 2/2007 do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, co obxectivo de contribuír á eliminación dos estereotipos sexistas e combater a segregación ocupacional a través de medidas dirixidas ás e aos distintos axentes sociais que interveñen no mundo laboral. Para a consecución dos obxectivos marcados nesta área deseñáronse 13 accións.



As liñas de traballo da área de **VIOLENCIA DE XÉNERO** pretenden consolidar os avances acadados e poñer en marcha novas medidas que nos acerquen aos obxectivos pretendidos. Por un lado, o rexeitamento social da violencia, que inclúe medidas de información e concienciación a distintos sectores da poboación. Por outro, mellorar a atención integral das vítimas mediante o incremento e a potenciación de recursos e servizos. As 20 accións deseñadas nesta área van dirixidas a acadar ditos obxectivos.

A área de **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** ten como obxectivo eliminar as dobres e triplas discriminacións de xénero: edistas, racistas, diversidade funcional, mulleres prostituídas..., porque aínda que o feito de ser muller supón a existencia de desigualdades de xénero, é importante considerar que coexisten diferentes discriminacións en función do colectivo de mulleres que corresponda. Para acometer este obxectivo foron deseñadas 13 accións.

MEDIDAS BÁSICAS PARA IMPLANTAR DO IV PLAN DE IGUALDADE

Para a posta en práctica deste IV Plan de Igualdade é fundamental o establecemento de dúas estruturas estratéxicas básicas destinadas a posibilitar o impulso, seguimento e avaliación das políticas municipais:

Reforzar o **Equipo Técnico especializado en Igualdade de xénero** no Departamento de Igualdade, que sería o encargado da orientación das políticas municipais, que velará por eliminar a discriminación, así como por fomentar a igualdade dende os diferentes Departamentos municipais. Ademais, sería tamén responsable da difusión do Plan entre todos os Departamentos implicados na súa execución, así como da súa coordinación e implantación.

O establecemento dunha **Comisión de Seguimento** do Plan de Igualdade, composta por representantes do Consello Municipal da Muller que terá como misión: velar pola súa execución e cumprimento, contribuír á difusión do Plan, solicitar información para o seguimento e avaliación do Plan, elaborar propostas segundo as necesidades detectadas, así como contribuír a difundir o traballo realizado no marco do Plan entre as entidades cidadás. Unha vez constituída, a Comisión de Seguimento fixará a periodicidade das súas reunións, a súa organización interna e a súa dinámica de funcionamento.



TÁBOA DE OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACCIÓNS DO IV PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES DE VIGO

	EIXE 1: CONCIENCIACIÓN E FORMACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES		EIXE 2: EMPODERAMENTO, VISIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL		EIXE 3: SAÚDE INTEGRAL	
	OBXECTIVOS ESPECIFICOS	ACCIÓNS	OBXECTIVOS ESPECIFICOS	ACCIÓNS	OBXECTIVOS ESPECIFICOS	ACCIÓNS
AREA 1: EDUCACIÓN EN IGUALDADE	1.A. Concienciar á Comunidade Educativa sobre a importancia de promover a educación en igualdade mediante a posta en marcha de actuacións educativas que fomenten o principio de igualdade de oportunidades e de trato de mulleres e homes.	1.A.1. 1.A.2. 1.A.3. 1.A.4. 1.A.5. 1.A.6. 1.A.7. 1.A.8. 1.A.9. 1.A.10. 1.A.11. 1.A.12.	1.C. Visibilizar a situación social das mulleres e a súa contribución ao desenvolvemento das distintas sociedades, recoñecendo a súa participación e as súas achegas aos distintos campos.	1.C.1. 1.C.2. 1.C.3. 1.C.4. 1.C.5. 1.C.6. 1.C.7.	1.E. Propiciar o desenvolvemento de actitudes e comportamentos cooperativos, igualitarios e responsables, que faciliten o establecemento de relacións afectivas de apoio emocional, comunicación..., en plano de igualdade.	1.E.1. 1.E.2. 1.E.3. 1.E.4. 1.E.5. 1.E.6. 1.E.7.
	1.B. 1.B.Promover accións que fomenten a conciencia de xénero entre diferentes profesionais e colectivos.	1.B.1. 1.B.2. 1.B.3. 1.B.4. 1.B.5. 1.B.6. 1.B.7. 1.B.8.	1.D. Fomentar a participación e representación das mulleres no proceso de toma de decisións.	1.D.1. 1.D.2. 1.D.3. 1.D.4. 1.D.5. 1.D.6.		
AREA 2: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE	2.A.Fomentar a concienciación social sobre a necesidade de corresponsabilidade de mulleres e homes nas responsabilidades domésticas e familiares para favorecer a promoción dunha prestación de coidados compartida por igual entre mulleres e homes.	2.A.1. 2.A.2. 2.A.3. 2.A.4. 2.A.5. 2.A.6.	2.D. Realizar actividades que poñan en valor as aportacións realizadas polas mulleres ao mundo económico.	2.D.1. 2.D.2.	2.E. Promover e desenvolver actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres, fundamentalmente as coidadoras, que presentan unha carga emocional forte debido aos coidados que realizan.	2.E.1. 2.E.2.
	2.B.Potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que impulsen e faciliten a conciliación da vida familiar, persoal e laboral de mulleres e homes.	2.B.1. 2.B.2. 2.B.3. 2.B.4. 2.B.5. 2.B.6.				



	2.C.Facer cumprir ao empresariado as previsións legais vixentes sobre o establecemento de medidas que faciliten a conciliación da vida laboral, familiar, persoal	2.C.1. 2.C.2.				
AREA 3: PARTICIPACIÓN ECONÓMICA	3.A.Facer cumprir ás institucións públicas e privadas ás previsións legais sobre o principio de igualdade de oportunidades e de trato de mulleres e homes no eido laboral para contribuír á eliminación dos estereotipos sexistas existentes.	3.A.1. 3.A.2. 3.A.3. 3.A.4. 3.A.5	3.B. Propiciar o desenvolvemento de accións que fomenten a participación en igualdade de mulleres e homes nas empresas coa finalidade de facer cumprir as previsións legais existentes no ámbito laboral	3.B.1. 3.B.2. 3.B.3. 3.B.4. 3.B.5. 3.B.6.	3.C. Difundir entre as mulleres traballadoras os dereitos relacionados coas condicións de traballo e a súa incidencia na saúde.	3.C.1. 3.C.2.
AREA 4: VIOLENCIA DE XÉNERO	4.A. Garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero.	4.A.1. 4.A.2. 4.A.3. 4.A.4. 4.A.5. 4.A.6. 4.A.7. 4.A.8. 4.A.9. 4.A.10.	4.C. Visibilizar e previr a violencia de xénero mediante a elaboración de informes e estudos relativos á violencia de xénero.	4.C.1. 4.C.2.	4.D. Promover a prevención da violencia de xénero e garantir a atención e apoio a menores vítimas de violencia de xénero.	4.D.1. 4.D.2.
	4.B. Promover medidas de concienciación e prevención da violencia de xénero entre a poboación viguesa	4.B.1. 4.B.2. 4.B.3. 4.B.4. 4.B.5. 4.B.6.				
AREA 5: ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	5.A. Promover a concienciación social mediante actuacións dirixidas ás mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade social.	5.A.1. 5.A.2. 5.A.3. 5.A.4. 5.A.5. 5.A.6. 5.A.7. 5.A.8	5.B. Fomentar o empoderamento e visibilización das mulleres mediante o recoñecemento da diversidade.	5.B.1. 5.B.2. 5.B.3	5.C. Favorecer a aceptación positiva da propia identidade sexual, desligada de elementos discriminatorios de xénero, impulsando as vivencias dunhas relacións interpersonais equilibradas e satisfactorias.	5.C.1. 5.C.2.



EIXE 1: CONCIENCIACIÓN E FORMACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

OBXECTIVO XERAL: Fomentar o cambio de valores e modelos de socialización de mulleres e homes coa finalidade de educar para a igualdade.

AREA 1: EDUCACIÓN EN IGUALDADE

OBXECTIVO XERAL: Concienciar á sociedade sobre a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero na educación de mulleres e homes como medio para impulsar o proceso de transformación social e a modificación das estruturas sexistas e discriminatorias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACTUACIÓNS	AXENTES IMPLICADOS	INDICADORES	TEMPORALIZACIÓN
1.A. Concienciar á Comunidade Educativa sobre a importancia de promover a educación en igualdade mediante a posta en marcha de actuacións educativas que fomenten o principio de igualdade de oportunidades e de trato de mulleres e homes.	1.A.1. Elaboración e distribución entre os Centros de ensino da cidade e ANPAS dunha relación de materiais con contidos non sexistas (vídeos, contos, xogos...) con periodicidade anual.	Concellería Igualdade - Centros de ensino - ANPAS - Alumnado	- nº materiais seleccionados - nº de materiais distribuídos - nº de Centros nos que se distribúe - nº de ANPAS nos que se distribúe - recursos económicos dedicados	4º TRIMESTRE/09 4º TRIMESTRE/10 4º TRIMESTRE/11 4º TRIMESTRE/12
